

Listaxe de verificación para a avaliación de situacións de aprendizaxe

DIM EN SIÓNS	INDICADORES	✓
1. Situación-problema inicial contextualizada na actualidade.	☐ A SA presenta unha situación-problema inicial contextualizada e o máis actual posible. ☐ A SA insírese dentro dos obxectivos de desenvolvemento sustentábel da UNESCO.	
2. Tarefas auténticas para unha aprendizaxe significativa.	☐ A SA presenta tarefas e actividades auténticas, con datos reais. ☐ A SA propón tarefas útiles e relevantes para o alumnado e, na medida do posíbel, próximas aos seus intereses.	
3. Tarefas motivadoras que mobilizan e fomentan actitudes.	☐ A SA contén tarefas que suscitan a reflexión ética e o sentido crítico do alumnado. ☐ A SA propicia que o alumnado dea respostas creativas e innovadoras para resolver o reto, servíndose de coñecementos técnicos específicos. ☐ A SA promove a convivencia a través do traballo en equipo. ☐ A SA promove a igualdade a través de equipos mixtos con roles rotatorios e servíndose dunha linguaxe inclusiva.	
4. Tarefas de distinta complexidade cognitiva (<u>taxonomía de Bloom</u>).	☐ A SA contén tarefas de diferentes niveis de complexidade. ☐ A SA propón tarefas que se axustan no seu nivel de complexidade aos obxectivos, criterios de avaliación e descritores operativos do currículo.	
5. Tarefas que presentan un formato heteroxéneo.	☐ A SA contén tarefas que presentan a información en diferentes formatos (imaxe, texto, gráfica, vídeo, etc.). ☐ A SA presenta tarefas con datos procedentes de fontes diversas (prensa, blogs, etc.). ☐ A SA propón tarefas que requiren diversas formas de resposta (orais, escritas, pechadas, etc.).	
6. Promoción da competencia en comunicación lingüística.	☐ A SA promove e avalía a comprensión e a expresión lingüística. ☐ A SA sèrvese de tarefas con enfoque comunicativo. ☐ A SA promove o Ecolingüismo e a normalización da lingua galega a	

	través do Tratamento Integrado de Linguas e Contidos.	
7. Promoción do pensamento e da capacidade de pensar e de abstracción.	☐ A SA incentiva o razoamento abstracto, a través de tarefas que relacionan as distintas disciplinas entre si. ☐ A SA afonda no enfoque construtivista, propiciando a recuperación e transformación de saberes previos. ☐ A SA promove e estimula a metacognición para que cada alumna e cada alumno reflexione sobre cal é a súa maneira de aprender.	
8. Avaliación do proceso.	☐ A SA promove a avaliación continua, pois non se limita ao resultado, senón que avalía o proceso a través de tarefas e instrumentos vinculadas aos elementos curriculares. ☐ A SA propicia unha avaliación integradora, pois avalíase o uso que o alumnado fai de todos os recursos incorporados á SA así como que saiba descartar datos innecesarios ou información redundante. ☐ A SA promove unha avaliación formativa, pois o alumnado coñece desde o inicio os criterios de cualificación e de corrección. ☐ A SA incorpora tarefas de reforzo e de enriquecemento curricular para atender a diversidade do alumnado a partir da avaliación, da coavaliación ou da autoavaliación.	
9. Indicacións e temporalización	☐ A SA incorpora indicacións para a realización das tarefas. ☐ A SA organiza a secuencialidade das tarefas por sesións, atendendo á súa temporalización.	
10. Atención á diversidade.	☐ A SA promove a inclusión a través de tarefas flexibles e adaptables á diversidade do alumnado. ☐ A SA propicia a inclusión a través da creación de grupos de traballo heteroxéneos. ☐ A SA incorpora tarefas de reforzo e de enriquecemento curricular, atendendo ao DUA. ☐ A SA proporciona os recursos necesarios, en soportes diferentes; atendendo á adaptación de tempos e espazos, en caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	